

MONUM

DIFUSIÓN DO PATRIMONIO RESTAURADO

EN

DO 7 DE XUÑO
AO 5 DE XULLO DE 2014

TA

XUNTA DE GALICIA

Edita e promove

Xunta de Galicia
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Secretaría Xeral de Cultura

Coordina

Sinsalaudio

Actividades pedagóxicas

Van Divulgación

Deseño

Don gráfica

Imprime

Ezponda

Depósito legal

C 866-2014

Coa colaboración dos concellos de Tui, San Amaro, O Bolo, Pantón, Lourenzá, Marín, Melide e Sarria, Fundación Catedral de Santiago, Museo das Peregrinacións e de Santiago e Parque Arqueolóxico da Cultura Castrexa de San Cibrao de Las.

MONUMENTA***Difusión do patrimonio restaurado***

DO 7 DE XUÑO AO 5 DE XULLO DE 2014

MONUMENTA convídanos a coñecer e gozar o noso patrimonio restaurado. Música, obradoiros, paseos, visitas guiadas e faladoiros que permiten achegarse, dun xeito lúdico e compartido, ás intervencións realizadas en diferentes bens culturais do territorio galego: igrexas, pazos, xacementos arqueolóxicos, mosteiros etc.

Nas actividades de MONUMENTA a participación veciñal é un elemento central. Conta, ademais, cunha programación pedagóxica co alumnado dos centros educativos das áreas nas que se atopan os bens restaurados. Os nenos e nenas participantes son tamén portadores dunha historia propia e as súas investigacións e reflexións estarán tamén presentes en cada localidade.

MONUMENTA é unha programación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para difundir e contribuír á valoración colectiva do patrimonio cultural galego.

A participación en todas as actividades e concertos é libre e de balde.

MONUMENTA 2014

1. CATEDRAL DE TUI
(PONTEVEDRA)

2. IGREXA DE SANTA MARÍA MAGDALENA
SARRIA (LUGO)

3. TORRE DA BERENGUELA DA CATEDRAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA)

4. PARQUE ARQUEOLÓXICO DA CULTURA CASTREXA
DE SAN CIBRAO DE LAS
SAN AMARO-PUNXÍN (OURENSE)

5. IGREXA DE SANTA MARÍA
MELIDE (A CORUÑA)

6. SANTUARIO DAS ERMIDAS E CASTELO
O BOLO (OURENSE)

7. CONVENTO DE FERREIRA DE PANTÓN
(LUGO)

8. CATEDRAL DE OURENSE
(OURENSE)

9. CASTELO DE TOVAR
LOURENZÁ (LUGO)

10. PETRÓGLIFOS DE MOGOR
MARÍN (PONTEVEDRA)



sábado 07 de xuño

**CATEDRAL DE TUI
(PONTEVEDRA)**

Á DESCUBERTA

DO PATRIMONIO. A catedral de Santa María, que destaca polo seu aspecto de fortaleza, é o edificio máis representativo do patrimonio artístico da vila de Tui. Consagrada en 1225, a súa construción iníciase no século XII, en pleno románico, como se ve na planta, na portada norte e na iconografía dos capiteis. A fachada principal gótica é unha das primeiras obras deste estilo realizada na Península Ibérica. A sonoridade das pedras medievais conservadas en Tui suxírennos un percorrido musical polos sons da época.

20.00 MONUMENTA

EDUCA. Presentación no claustro da catedral dos traballos arredor do patrimonio de Tui realizados polos CEIP Plurilingüe N°1, CEIP de Rebordáns, CEIP Plurilingüe de Guillarei e CEIP Plurilingüe N°2.



**20.30 MONUMENTA
EN CONCERTO.**

Meendinho

O milagre do pergamiño Vindel é unha proposta de Paulina Ceremuzyńska –voz, percusión, contrafacta– e Carlos Castro –percusión e salterio– para levarnos polas cantigas de amigo de Martín Codax e outras composicións do seu tempo.



domingo 08 de xuño

**IGREXA DE SANTA MARÍA
MAGDALENA
SARRIA (LUGO)**

Á DESCUBERTA

DO PATRIMONIO. Este conxunto, situado en pleno Camiño Francés de Santiago, destaca pola variedade de estilos arquitectónicos que alberga, o que o converte nunha obra senlleira da arquitectura relixiosa galega. A influencia do Camiño de Santiago tivo repercusión, tamén, na penetración de innovacións musicais e na tradición de fabricación de instrumentos.

20.00 MONUMENTA

EDUCA. O alumnado do CPR A Mercé e do CPR Plurilingüe Nosa Señora da Asunción presenta os seus traballos realizados arredor do patrimonio.



20.30 FALADOIROS

MONUMENTA. A tradición dos *luthiers* en Sarria, en conversa aberta con diferentes convidados, na igrexa, como aperitivo do concerto.

**21.00 MONUMENTA
EN CONCERTO.**

**Le Voyage: Germán
Díaz e David John
Herrington**

presentarán, na igrexa de Santa María Magdalena, este proxecto de novas composicións, creadas expresamente para a lira organizzata, un instrumento sorprendente, cheo de particularidades técnicas e sonoras, co acompañamento de corneta e tuba. Unha viaxe, nunca antes imaxinada, polas músicas tradicionais e o jazz.



venres 13 de xuño

**TORRE DA BERENGUELA
DA CATEDRAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA
(A CORUÑA)**

**Á DESCUBERTA
DO PATRIMONIO.**

Monumenta 2014 chega á catedral de Santiago, onde recentemente se interveu na torre do Reloxo, tamén chamada torre da Berenguela. O corpo principal con base románica foi construído no século XIV polo arcebispo que lle deu nome á torre, Berenguel de Landoira. En 1680 Domingo de Andrade remataría a parte superior elevándoa dúas plantas máis. En 1833 colocouse o recentemente restaurado reloxo de catro esferas (unha por cada cara da torre), obra do ferrolán Andrés Antelo.

**19.00 MONUMENTA, MANS
Á OBRA.** Obradoiro para todas as idades, na praza da Quintana, no que se experimentará cos procesos de restauración do patrimonio.

**19:00 MONUMENTA
DIVULGA.** Mesa redonda *A restauración do patrimonio da catedral*, no Museo das Peregrinacións e de Santiago (rúa de San Miguel, 4). Diálogo con profesionais da restauración arredor das intervencións na catedral de Santiago.

**21.30 MONUMENTA
EN CONCERTO.**

**Baldomero Barciela
e Patricia Rejas,**

dúo de viola de gamba e forte piano, interpretarán, na nave central da catedral compostelá, música de J. S. Bach, Ramón Cuéllar de Altarriba (organista da catedral de Santiago de 1828 a 1833) e José Ferrer Beltrán.



sábado 14 de xuño

**PARQUE ARQUEOLÓXICO DA
CULTURA CASTREXA
DE SAN CIBRAO DE LAS
SAN AMARO-PUNXÍN
(OURENSE)**

**Á DESCUBERTA
DO PATRIMONIO.** Coñecido na antigüidade como Lánsbrica, este castro estivo habitado entre o século II a.C. e o século II d.C. Trátase dun dos máis representativos e de maior tamaño de Galicia, cunha superficie de 10 hectáreas dentro das murallas e cunha complexa estrutura urbanística. Monumenta convida a coñecer as novas estratexias da arqueoloxía na investigación e difusión do patrimonio en relación transversal con outras ciencias.

18.30 ANDAR CON ARTE. Monumenta lévanos ata San Clodio de Leiro e San Miguel de Osmo en Cenlle. Unha visita organizada para descubrir as restauracións recentes de ambos os templos (o desprazamento de Leiro a Cenlle é por conta propia dos visitantes).

20.30 MONUMENTA EDUCA. Coñecemos, nas instalacións do parque arqueolóxico, os traballos realizados polo alumnado do CEIP Euloxio Gómez Franqueira arredor do patrimonio cultural local.

**21.30 MONUMENTA
EN CONCERTO.**

Narf Trío

Monumenta presenta, no xardín do parque, *Nas tardes escuras*, o novo traballo discográfico de Fran Pérez «Narf», no que o cantor e compositor explora a poesía de Rosalía de Castro dun xeito innovador. Con L.A.R. Legido na batería e Alberte Rodríguez «Ho Chi Ming» no baixo, unha visión contemporánea e enérxica dos textos da poetisa.

**23.00 NOITES DE
MONUMENTA. Descubre
a arqueoastronomía.** Unha oportunidade para coñecer o castro de San Cibrao de Las mediante a observación das estrelas e descubrir esta disciplina científica que combina ferramentas metodolóxicas da astronomía e da arqueoloxía.



domingo 15 de xuño

**IGREXA DE SANTA MARÍA
MELIDE (A CORUÑA)**

**Á DESCUBERTA
DO PATRIMONIO.**

A igrexa de Santa María, construída no s. XII, é a xoia do románico melidense. No seu interior atópanse elementos excepcionais, como o altar de pedra e a reixa, a única desa época da que se ten constancia en Galicia. Tamén merecen unha visita as pinturas policromadas da ábsida, xa de estilo renacentista, do século XVI. Pero na vila de Melide temos máis patrimonio por descubrir e farémolo... en movemento.

18.00 ANDAR CON ARTE.

De San Roque a Santa María. Un paseo musical con saída desde o cruceiro de San Roque. Percorreremos a vila para coñecer os antigos cines de Melide, os obradoiros de repostería ou os talleres dos zapateiros, ata chegar á parada final na igrexa de Santa María. Ao longo do percorrido, diferentes convidados falarannos da historia de Melide e non nos faltará a música en directo de **Trécolas**.

20.00 MONUMENTA

EDUCA. Presentación, na igrexa de Santa María, dos traballos e investigacións sobre o patrimonio realizados polo alumnado do CEIP Martagona.

**20.30 MONUMENTA
EN CONCERTO.**

Pierrot Rougier,

na frauta traveseira,
Pedro Pascual
co acordeón diatónico e
Gema Pérez, no violín.
A igrexa de Santa María acollerá o concerto deste trío de calidade excepcional, que nos traerá unha selección de repertorio atlántico –cun protagonismo especial para a música da Bretaña– nun formato participativo e integrador.



sábado 21 de xuño

**SANTUARIO DAS ERMIDAS
E CASTELO
O BOLO (OURENSE)**

**Á DESCUBERTA
DO PATRIMONIO.**

O santuario da Nosa Señora das Ermidas é un dos máis destacados centros de peregrinación de Galicia. Trátase dun conxunto de edificios que foron construídos en varias fases desde 1624. A fachada do santuario, flanqueada por dúas torres, é unha das mellores obras do barroco galego. Monumenta convidanos a percorrer os camiños do lugar, para achegármonos ao seu patrimonio desde unha perspectiva diferente e participativa.

**18.00 MONUMENTA
DIVULGA.** Visita guiada ao castelo do Bolo onde coñeceremos a súa historia e as súas características.



18.30 ANDAR CON ARTE. Unha andaina entre o castelo e As Ermidas. Percorreremos os antigos camiños dos veciños, con parada en varios pasos do viacrucis para escoitar as explicacións culturais, ata chegarmos ás Ermidas.

19.30 MONUMENTA EDUCA.

No santuario das Ermidas presentaranse os traballos realizados polo alumnado do CEIP do Bolo.

**20.00 MONUMENTA EN
CONCERTO.**

Unha dobre sesión de música nun contorno excepcional. **Son do Sil**, procedente do Barco de Valdeorras, tráenos a súa interpretación potente e singular da música popular da man dos seus numerosos integrantes. Eles abrirán paso para a voz de **Uxía Senlle**, que nos trasladará polos seus cálidos e salgados universos musicais, coa calidade e o saber de 27 anos de carreira artística.





domingo 22 de xuño

CONVENTO DE FERREIRA DE PANTÓN (LUGO)

Á DESCUBERTA DO PATRIMONIO.

O mosteiro de Ferreira de Pantón ten a singularidade de ser probablemente o único mosteiro de Galicia que non cambiou de función desde a súa fundación no século XII. No interior da igrexa, de orixe románica, descóbrese unha escultura en madeira policromada da Virxe co Neno. Pero o patrimonio cultural tamén ten vida máis alá das pedras e do construído. Monumenta quere dedicarlle a xornada aos cantares de cego interpretados, desde a Idade Media, por músicos populares itinerantes.

11.00 ANDAR CON ARTE. Rolda a pé polo patrimonio da vila. Comezaremos o paseo cunha presentación na praza do Concello, para iniciar o percorrido cunha introdución á historia do pazo dos Gayoso. De alí, seguiremos a andaina

cara á zona máis antiga da vila ata chegarmos ao pazo de Maside. Descubriremos, a seguir, as vistas menos habituais do castelo de Maside e chegaremos ata o mosteiro das madres bernardas, para volvermos, finalmente, á praza do Concello.

17.00 MONUMENTA EDUCA.

Presentación, no convento, dos traballos realizados polo alumnado do CEIP Monte Balaño sobre o patrimonio local.

17.30 FALADOIRO

MONUMENTA. Conversa cos veciños que coñeceron a Eladio, o cego de Eiré. Unha pequena homenaxe colectiva a este músico, organizada en colaboración co Concello de Pantón.

18.30 MONUMENTA EN CONCERTO.

Actividade final no convento, cos cantos de **Alba María** (voz gañadora do I Certame de Canción de Autor de Teo 2014) e a zanfona de **Oscar Fernández** (fundador do grupo Os Cempés). Os dous músicos xogarán coa improvisación e coa revisión contemporánea dos cantos de cego, para falar de Ferreira e da súa historia.

sábado 28 de xuño

CATEDRAL DE OURENSE

Á DESCUBERTA

DO PATRIMONIO. Este monumento iniciado no século XII seguiu evolucionando durante oito séculos. Das dúas portadas románicas, a máis singular é a do pórtico do Paraíso, coas influencias do labor do mestre Mateo no pórtico da Gloria da catedral de Santiago. Monumenta quere poñer en valor o patrimonio inmaterial da historia recente ourensá e convidanos a facer un percorrido musical da man da Coral de Ruada, formación de referencia para a música vocal en Ourense, e do conxunto de Galicia. Con case un século de historia, esta agrupación estableceu unha fermosa relación coa catedral de Ourense que desvelaremos nesta singular actividade.



19.00 MONUMENTA, MANS Á OBRA. Obradoiro, para todas as idades na praza de San Martiño, onde experimentar cos procesos de restauración do patrimonio.

20.30 MONUMENTA EN CONCERTO.

Monumenta propón un faladoiro-concerto único na catedral ourensá, coa **Coral De Ruada** e o polifacético **Xurxo Souto** (cantante, ex-acordeonista dos Diplomáticos de Monte Alto e difusor da música galega de agora e de sempre), que será o encargado de conducir esta celebración arredor da coral e da restauración do pórtico do Paraíso.





domingo 29 de xuño

CASTELO DE TOVAR LOURENZÁ (LUGO)

Á DESCUBERTA DO PATRIMONIO.

A principios do século XVI, Antonio de Tovar comeza a construír esta mansión fortificada de estilo gótico isabelino. Co paso do tempo os seus moradores foron adaptando a vivenda ás súas necesidades e hoxe podemos descubrir a riqueza arquitectónica conservada do conxunto. Monumenta únese, nesta ocasión, da man do Concello de Lourenzá e das asociacións locais, á proposta de converter a xornada nunha festa completa arredor do patrimonio cultural da zona. Un día de portas abertas, visitas guiadas e gozo compartido.

DE 11.00 A 20.00 TODOS CARA A TOVAR. Probas deportivas polo Val de Lourenzá, xogos para todas as idades, visitas guiadas ao castelo de Tovar... Infórmate das actividades ao longo da xornada.

13.00 FALADOIRO

MONUMENTA. Conversa cos veciños sobre a memoria do castelo de Tovar e o territorio.

14.00 MONUMENTA EN CONCERTO.

Actuación musical e de baile coa **Asociación Osorio Gutiérrez**, no castelo, para divulgar a tradición da música e do baile galego coa xente miúda da comarca. Unha actualización das pezas recompiladas durante anos entre os maiores.

17.00 MONUMENTA EN ESCENA. Fantoches

presenta un espectáculo de narración oral e música en directo coa técnica xaponesa do Kamishiba: *As pombas de Carboeiro*.

18.00 CULTURA E

GASTRONOMÍA. No castelo, clase maxistral de cociña «Fabas con callos», unha intervención gastronómica de Iago Castrillón, prestixioso cociñeiro de Vilanova de Lourenzá. Unha oportunidade para coñecer a receita e recuperar este prato tradicional.



sábado 05 de xullo

PETRÓGLIFOS DE MOGOR MARÍN (PONTEVEDRA)

Á DESCUBERTA DO PATRIMONIO.

O conxunto de Mogor, datado na Idade de Bronce, entre o 1800 e o 600 a.C., é un dos máis destacados de Galicia polos seus gravados labirínticos. As rochas máis estudadas son a pedra dos Mouros, con combinacións circulares e cazoletas, e a pedra do Labirinto. Aínda así, desentrañar o simbolismo dos petróglifos é unha cuestión complexa que ofrece diversas interpretacións por parte dos especialistas. Monumenta convidanos a facer unha descuberta orixinal e diferente entre lusco e fusco.

19.00 MONUMENTA EDUCA.

Presentación dos traballos realizados polo alumnado do CEIP Carballal no exterior do centro de interpretación de Mogor.

19.00 ANDAR CON ARTE. Mogor, entre a serra e o

mar do Morrazo. Saída –e chegada– desde o centro de interpretación. Este itinerario de percepción paisaxística vai ser un paseo guiado

polo xeógrafo Juan López Bedoya. Percorreremos a pé a zona, desde a serra ao mar, atravesando por Mogor e o seu xacemento arqueolóxico, para enxergar a evolución da paisaxe física e sonora do Morrazo desde a época dos petróglifos.

22.00 MONUMENTA EN CONCERTO.

Coa participación de Carlos Rilo, Xosé Lois Romero, Carlos Taboada, José Ramón Bugliot e Daniel Romero, o **Grupo de Música Tradicional de Agadic**, introducirémonos entre sons naturais nas melodías tradicionais de Galicia.

22.30 MONUMENTA DE NOITE. Monumenta ofrécenos a posibilidade de descubrir os petróglifos, coas explicacións expertas do arqueólogo Santiago Vázquez Collazo.



galicia



cultura.xunta.es



XUNTA
DE GALICIA